

Procedemento para dar de alta alumnos na Comunidade

Este procedemento debe ser realizado por un *administrador* da Comunidade, xa que os usuarios con rol de *administrador* son os únicos autorizados para dar de alta novos usuarios.

O *administrador* da comunidade usará o menú “**Administrar – Usuarios - Engadir usuario**”. Este menú só está dispoñible para os *administradores* das comunidades.

Engadir usuario

1- Método de creación de usuarios

¿Como quere crear este usuario?

☒ Crear un novo usuario desde o comezo

Nome *

Apelidos *

Correo electrónico *

OU...

☐ Cargar ficheiro Leap2A 

No se ha seleccionado ningún archivo.

Nome: neste campo debe introducir o nome real do alumno/a

Apelidos: neste campo debe introducir os apelidos reais do alumno/a

Correo electrónico: neste campo debe introducir unha dirección de correo electrónico simulada (non real), que deberá ter obrigatoriamente o seguinte formato:

nome.apelidos@CODIGOCENTRO.es

O dato “CODIGOCENTRO” debe ser o código do centro educativo e o dato “nome.apelidos” corresponde ao nome e apelidos reais do alumno/a.

Sobre o dato “correo electrónico”

Resulta **moi importante** que o dato “correo electrónico” que se introduce para cada alumno corresponda exactamente co formato descrito anteriormente, xa que este dato é o que relaciona a cada alumno coa súa Comunidade (centro educativo en Agueiro), polo que o CODIGOCENTRO debe ser exactamente o que corresponde a cada centro.

Este “correo electrónico” dos alumnos é ficticio (non real) pero é **imprescindible** para a identificación do alumno dentro da plataforma Agueiro.



2- Detalles básicos

Información básica para este usuario

Nome de usuario *

Contrasinal *

Comunidade *

Cota de almacenamento 500MB

Administrador da comunidade ☐

Nome de usuario: neste campo aconséllase que introduza o mesmo dato “**nome.apelidos**” que introduciu no apartado anterior e que se corresponde co nome e apelidos do alumno/a.

Contrasinal: neste campo deberá introducir sempre o dato “**123456**” para todos os alumnos.

Posteriormente, cada alumno debe cambiar e personalizar o seu propio contrasinal.